

A ESCOLA DA VIDA

A cultura dos cultuquetas

30.01.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Os galegos temos a nosa idiosincrasia. Din que somos desconfiados, pero unha vez que se nos coñece somos abertos e amables. Temos aquilo de que cando non sabemos moi ben que responder, nos apoiamos no depende. Tamén nos caracterizamos pola nosa honradez, austeridade e traballo, e demostrámolo tanto dentro como fóra das nosas fronteiras.

Os nosos antepasados deixáronnos grandes obras que só se poden ver en Galicia, e non me refiro ás nosas catedrais, magnificamente representadas, senón a algo máis popular como son, por exemplo, os cruceiros, os pazos ou os hórreos. Os galegos pasamos por moitos malos tragos, que, por veces, resolvemos, como dicía Castelao, coa emigración, para traer á casa o que os nosos gobernantes nos negaban.

Así as cousas, o galego é bastante orgulloso e sempre está desexoso de que se lle recoñeza o seu valor polas súas obras, xa sexan estas bens materiais ou inmateriais, por iso recibe con moi mal *milk* o que alguén o asoballe acusándoo de ensimesmado. Se hai que facelo faise! é a resposta soberbia do galego. E faíno, claro que o fai!, con poderío, pero sen arrogancia; arrimando o ombro como o que máis, pero sen perder a calma.

Pisan calos os que non se decatan de que o galego gaña en calquera competición de valía, os que valoran máis a cultura dos de fóra que os da súa contorna. Poucas paisaxes hai máis fermosas cás galegas, poucas gastronomías hai máis ponderadas cá nosa, poucos son os que ollan os nosos monumentos, escoitan os nosos artistas e non desprenden unha bágoa do sentimento que os embarga. Por iso, os que negan o recoñecemento a un idioma co que os nosos paisanos ergueron as obras que din admirar; os que argumentan que outras culturas son máis egrexias ou máis modernas cás das nosas vilas pinchan en óso.

A eses cultuquetas que non distinguen entre a cultura e a artificiosidade, entre a beleza e a ostentación baleira, os galegos dedicámoslle as palabras do noso himno: *os bos e xenerosos a nosa voz entenden e con arroubo atenden ou noso rouco son, mais só os iñorantes e féridos e duros, imbéciles e escuros non nos entenden, non.*

Para dedicarse politicamente ao pobo galego hai que ser xeneroso no que se lle dá e co que del se recibe, pois, do contrario, está cabando a súa propia tumba e soamente lle queda por ver o lombo do galego que se aparta.